



Guía Docente

Datos Identificativos					2017/18
Asignatura (*)	Educación inclusiva e multicultural	Código	652G02016		
Titulación	Grao en Educación Primaria				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación	Núñez Mayan, María Teresa	Correo electrónico	teresa.nunez.mayan@udc.es		
Profesorado	Núñez Mayan, María Teresa	Correo electrónico	teresa.nunez.mayan@udc.es		
Web	http://www.educacion.udc.es/				
Descrición xeral	<p>Para comprender de xeito holístico o cometido da Educación Inclusiva e Multicultural perante as xeracións máis novas de escolares da nosa sociedade, e para podermos contribuir á construción crítica deste cometido, cabe situar este ámbito de formación e investigación --tanto as aproximacións conceptuais como as conexións entre teoría e práctica pedagóxica-- no amplo, complexo e dinámico contexto histórico de desenvolvemento das sociedades e da convivencia humana no mundo actual. Este "enmarcamento" da asignatura de Educación Inclusiva e Multicultural tenta transcender as focaxes que se limitan a abordar a cultura escolar da etapa de Infantil, ou os procesos de aprendizaxe dentro da institución educativa en si, e pouco máis. Máis que iso, procura revelar as conexións que ten este corpo de coñecementos con outros ámbitos de educación e con outras esferas de produción socio-cultural, como son: a educación no seo da familia, as expresións de cultura popular e a formación da identidade nas comunidades tanto locais como globais, o rol dos medios de comunicación na súa produción e reprodución destes procesos, do sistema económico capitalista (cada vez máis globalizado e neoliberal), da política dos estados-nación e do ámbito transnacional das migracións, dos dereitos humanos, dun medioambiente finito, das relixións, dos pobos, dos xéneros, das sexualidades, da dis/capacidade, e doutros factores determinantes da diversidade humana.</p> <p>Desde este marco "glocal", educar para a xustiza intercultural e o acceso igualitario áos bens das democracias --acceso a un sistema educativo que optimice a formación intelectual e o desenvolvemento persoal de todas e cada unha das mentes novas-- é un labor relacional e transversal que emerxe e participa destes múltiples ámbitos sociais solapados, e que pode e debe incidir neles para fomentar ditos dereitos. Require, polo tanto, unha pedagogía que abarque contidos e temas curriculares reveladores das desigualdades, exclusións e opresións, e construtores da "igualdade na diversidade". Esta formación ten connotacións éticas e/ou controvertidas, e comprende procesos organizativos e didácticos colaboradores, colectivizantes e transformadores, que establezan pontes entre a necesaria reflexión teórica e a imprescindible posta en práctica. Así mesmo, precisa dunha orientación crítica sobre as relacións humanas que sexa á vez intrapersoal (auto-reflexiva) e interpersoal, e tanto intergrupalo como colectivo-global.</p> <p>As grandes liñas de estudo inclúen:</p> <ul style="list-style-type: none">- Globalización e curriculum na Educación Primaria, e formas interculturais de representación e participación igualitaria na etapa de Primaria.- Multiculturalismo, prexuízos, estereotipos, racismo, xenofobia e outros tipos de discriminación e exclusión nas institucións escolares.- Modelos de Educación Inclusiva, Multicultural, Intercultural e Anti-Racista.- Atención á diversidade cultural e funcional, e a inclusión na escola: minorías étnicas, inmigrantes, emigrantes e alumnado con diversidade funcional.- Estratexias didácticas de atención á diversidade e de educación inclusiva na etapa de Educación Primaria.				

Competencias do título



Código	Competencias do título
A1	Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao período de 6-12, no contexto familiar, social e escolar.
A2	Coñecer as características destes estudantes, así como as características dos seus contextos motivacionais e sociais.
A3	Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e identificar disfuncións.
A4	Identificar dificultades de aprendizaxe, informais e colaborar no seu tratamento.
A5	Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseado na aprendizaxe de competencias.
A6	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe.
A7	Analizar e comprender os procesos educativos na aula e fóra de ela relativos ao período 6-12.
A8	Coñecer os fundamentos da educación primaria.
A9	Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan.
A10	Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país e os condicionantes políticos e legislativos da actividade educativa.
A11	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula.
A12	Abordar e resolver problemas de disciplina.
A13	Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais.
A14	Promover accións de educación en valores orientadas á preparación dunha cidadanía activa e democrática.
A15	Coñecer e abordar situacións escolares en contextos multiculturais.
A16	Deseñar, planificar e avaliar a actividade docente e a aprendizaxe na aula.
A17	Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en educación primaria.
A18	Participar na definición do proxecto educativo e na actividade xeral do centro atendendo a criterios de xestión de calidade.
A21	Coñecer e saber exercer as funcións de titor e orientador en relación coa educación familiar no período 6-12.
A22	Relacionar a educación co medio, e cooperar coas familias e a comunidade.
A23	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalidade; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.
A28	Valorar as ciencias como un feito cultural.
A29	Recoñecer a mutua influencia entre ciencia, sociedade e desenvolvemento tecnolóxico, así como as condutas cidadás pertinentes, para procurar un futuro sustentable.
A34	Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico.
A35	Valorar a relevancia das institucións públicas e privadas para a convivencia pacífica entre os pobos.
A37	Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes.
A50	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.
A56	Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes aos estudantes.
A60	Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes.
A61	Adquirir un coñecemento práctico da aula e da xestión da mesma.
A62	Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima de aula que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
A63	Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e en particular o de ensino-aprendizaxe mediante o dominio das técnicas e estratexias necesarias.
A64	Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.
A65	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica.
A66	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se podan establecer nun centro.
A68	Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa.



B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B8	Capacidade para elaborar discursos coherentes e organizados lxicamente.
B9	Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.
B11	Capacidade de comprensión dos distintos códigos audiovisuais e multimedia e manexo das ferramentas informáticas.
B12	Capacidade de selección, de análise, de avaliación e de utilización de distintos recursos na rede e multimedia.
B14	Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.
B15	Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.
B16	Capacidade crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente.
B17	Capacidade de análise e de autoavaliación tanto do propio traballo como do traballo en grupo.
B18	Compromiso ético para o exercicio das tarefas docentes.
B19	Capacidade de adaptarse a novas situacións nunha sociedade cambiante e plural.
B20	Relación con diversos interlocutores sociais.
B21	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B22	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B23	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B24	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B25	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título
---------------------------	------------------------



Familiarizarase coas das diversas tradicións intelectuais e políticas da Educación Inclusiva, Educación Multicultural, Educación Intercultural e os Estudos Culturais, e os aspectos máis relevantes destes campos de investigación para a etapa de Educación Primaria, ao entrar en contacto coas fontes bibliográficas, audiovisuais e informativas fundamentais no ámbito da Educación Inclusiva e Multicultural.	A5 A6 A8 A10 A11 A13 A14 A15 A23 A28 A29 A34 A35 A37 A50 A56	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B11 B19 B20	C3 C4 C6 C8
Situará estas tradicións na evolución das concepcións e das políticas históricas da mestizaxe, da contaminacións transculturais, por unha banda, e por outra banda, o peche cultural e as resistencias da comunidades e dos individuos á comprensión do ?outro?, do ?descoñecido?, ?do que non é propio?, que pode conlevar a actitudes exclusivas (racismo, etnocentrismo, imposicións lingüística, xenofobia, sexismo, a homofobia, extremismos políticos e/ou relixiosos, etc) e outras expresións de discriminación, opresión e marxinação?.	A1 A2 A6 A9 A15 A18	B1 B3 B4 B5 B6 B9 B11 B15 B16 B18	C4 C6
Afondar na importancia tanto profesional como social dos aspectos ético-axiolóxicos da Educación Inclusiva e Multicultural para a etapa de Educación Primaria, ao desenvolver actitudes á vez críticas e solidarias fronte á diversidade humana nas comunidades educativas, e ao adquirir e fomentar valores tanto universais como particulares relacionados con: a empatía, o respecto, a dignidade humana e os dereitos humanos, o apoio mutuo, a reciprocidade, a colaboración, a inclusión dos excluídos, a participación igualitaria e democráticas na vida pública do centro, as "virtudes comunicativas", e a organización pacífica e xusta da sociedade multicultural, entre outros valores e aspectos que atinxen á xustiza intercultural e a solidariedade.	A3 A5 A9 A11 A14 A22 A23	B1 B3 B12 B16 B17 B21 B22 B23	C4 C7 C8
Comprenderá que a Educación Inclusiva e Multicultural supón un corpo de coñecementos inacabados, mutables, e continuamente negociados, non un paradigma pechado ou monolítico, polo que debe derivar no desenvolvemento dun xuízo (ou disposición) profesional flexíbel e crítico.	A9 A10 A23 A65 A66 A68	B3 B5 B6 B8 B9 B16 B17 B18	C4 C5 C7 C8
Apreciará a importancia tanto profesional como social dos aspectos ético-axiolóxicos da Educación Inclusiva e Multicultural para a etapa de Educación Primaria, ao desenvolver actitudes á vez críticas e solidarias fronte á diversidade humana nas comunidades educativas, e ao adquirir e fomentar valores tanto universais como particulares relacionados con: a empatía, o respecto, a dignidade humana e os dereitos humanos, o apoio mutuo, a reciprocidade, a colaboración, a inclusión dos excluídos, a participación igualitaria e democráticas na vida pública do centro, as "virtudes comunicativas", e a organización pacífica e xusta da sociedade multicultural, entre outros valores e aspectos que atinxen á xustiza intercultural e a solidariedade.	A64 A65 A66 A68	B1 B14 B15 B16 B17 B19	C3 C4 C7 C8



<p>Comprender, analizar e avaliar os principais contidos, recursos, estratexias e ámbitos de intervención abordados desde a Educación Inclusiva e Multicultural: contidos culturalmente inclusivos e interculturais, a organización democrática da aula e do centro, a inclusión e promoción das perspectivas e voces minoritarias e/ou desfavorecidas socialmente, a análise crítica dos documentos e medios de comunicación-aprendizaxe, a mediación e resolución pacífica de conflitos, a aprendizaxe cooperativa e os xogos cooperativos, a globalización do curriculum, a colaboración intersectorial, o poder do desenvolvemento tecnolóxico para a aprendizaxe intercultural e a conectividade, etc.</p>	A1	B1	C8
	A2	B5	
	A3	B7	
	A4	B9	
	A5	B14	
	A6	B15	
	A7	B24	
	A8	B25	
	A11		
	A12		
	A13		
	A14		
	A15		
	A16		
	A17		
	A21		
	A28		
	A29		
	A34		
	A60		
A61			
A62			
A63			
A64			
A65			
A66			
A68			

Contidos	
Temas	Subtemas
<p>1. A DIVERSIDADE CULTURAL E FUNCIONAL NAS SOCIEDADES CONTEMPORÁNEAS E A SÚA RELEVANCIA PARA A EDUCACIÓN EN PRIMARIA</p>	<p>1. Concepto de diversidade educativa. 2. As voces ausentes na cultura escolar 3. A concepción tradicional da Educación Especial: Segregación educativa, fundamentos e consecuencias. 4. Colectivos excluídos na educación tradicional</p>



<p>2. MARCOS CONCEPTUAIS E EVOLUCIÓN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</p>	<p>2.2. Modelos de resposta á diversidade: deficitario (punto de vista individual) e modelo social (punto de vista curricular)</p> <p>2.1. A Reconceptualización da E.Especial. Do déficit ás Necesidades Educativas Especiais. Evolución conceptual e reflexo na lexislación educativa.</p> <p>2.2. Antecedentes dos movementos integradores: o internacionalismo da UNESCO, os movementos polos dereitos humanos e civís, a política compensatoria e a discriminación positiva.</p> <p>2.3. A integración educativa. Nacemento. Evolución. Logros e limitacións.</p> <p>2.5. As correntes de Educación Multicultural e intercultural</p>
<p>3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE CULTURAL E FUNCIONAL NA POLÍTICA EDUCATIVA E NA SOCIEDADE</p>	<p>3.1. A inclusión educativa. Concepto. Principios. Diferencias entre a integración e a inclusión.</p> <p>3.2. Estratexias educativas de carácter inclusivo e experiencias prácticas.</p> <p>3.3. Alumnado con discapacidade nos centros educativos do entorno</p> <p>3.3. Perfil da poboación inmigrante e xitana no contexto educativo próximo</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A12 A16 A17 A21 A22 A28 A29	21	3	24
Análise de fontes documentais	A10 A34 A35 A37 A50 A56	3	25	28
Aprendizaxe colaborativa	A1 A4 A60 A61 A62 A63	3	25	28
Estudo de casos	A1 A2 A3 A4 A64 A65 A66 A68 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8	3	10	13
Discusión dirixida	A4 A5 B9 B11 B12 B14 B15 B16 B18 C4 C5 C7 C8	3	2	5
Foro virtual	A13 A14 A15 B20 B21	1	2	3
Actividades iniciais	B17 B19 C6	2	0	2
Presentación oral	A18 A23	1	0	1
Portafolios do alumno	B22 B23 B24 B25 C3	3	25	28
Proba mixta	A6 A7 A8 A9 A11	2	15	17
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías



Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral por parte da docente, e con apoio de recursos audiovisuais, de contidos relacionados co temario da materia.
Análise de fontes documentais	Lectura e análise da documentación seleccionada como obrigatoria para traballar a materia.
Aprendizaxe colaborativa	Consistirá en dinámicas de grupos variadas, que se empregarán nos debates, na análise das fontes realizada en grupo, nos traballos tutelados e na presentación oral.
Estudo de casos	Metodoloxía na que o suxeito é confrontado coa descrición dunha situación específica cun problema a ser entendida, valorada e determinada por un grupo de persoas a través dun proceso de discusión. O alumnado está perante un problema concreto que describe unha situación real de traballo, e debe ser capaz de analizar unha serie de eventos relativa a un determinado campo de coñecemento ou acción para acadar unha decisión fundamentada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Discusión dirixida	Na clase debatirase sobre varios contidos estudados e analizados, tomando como referencia diferentes tipos de fontes documentais.
Foro virtual	Posíbel utilización de distintas modalidades de comunicación virtual (Moodle, wikis, redes sociais, Internet, gravacións audiovisuais, etc.) para facilitar o traballo colaborativo, o debate e os procesos de deliberación en xeral.
Actividades iniciais	Técnica de dinámica de grupos que ten como obxectivo axudar a desenvolver a perspectiva social e a empatía mediante a representación de diferentes papeis dentro de situacións conflictivas nas que intervieñen diferentes posturas que teñen que ser combinadas. Utilízase para traballar as relacións interpersonais, o comportamento, os valores e as actitudes.
Presentación oral	Exposición grupal dun guión do traballo de investigación, que terá lugar durante a semana anterior ao período festivo de Decembro-Xaneiro.
Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resúmenes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.
Proba mixta	A proba mixta consistirá nun exame, sen material, composto por preguntas de resposta breve e preguntas de desenvolvemento. Pode requirirse, ademais, a realización dun esquema ou mapa conceptual.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



<p>Presentación oral</p>	<p>A atención personalizada realízase principalmente dentro da aula de clase, mais tamén fóra durante as titorías. Concíbese como momentos de apoio que o profesorado ofrece a cada alumna ou alumno a título individual. Irase concretando a medida que se realizan as actividades da materia, en función das necesidades detectadas.</p> <p>Aparte da atención personalizada, o profesorado apoiará ao alumnado de xeito colectivo nas actividades a seguir:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Na análise colaborativa tanto das lecturas básicas como doutras lecturas repartidas en clase. Tamén se fará uso de distintos recursos impresos elaborados por diversas institucións e artigos de prensa. - Nas sesións de deliberación coa participación do grupo-clase. - Na investigación que as distintas equipas de alumnado irán elaborando ao longo da materia, que terá como bases fundamentais: a pesquisa na que empregar fontes documentais en diversos formatos; o estudo de casos; e a recollida de información procedente de distintos entornos sociais e educativos. - Na reflexión colectiva e individual, que será complementaria coa información recollida nas fontes científicas. - Na idea de "practicar o que se predica": o alumnado traballará a maior parte do tempo en pequenos grupos, e cada grupo reflexionará sobre o reparto de tarefas e roles, e sobre os esforzos solidarios e cooperativos feitos dentro do grupo de cara a fomentar o apoio mutuo. - No traballo cooperativo nos pequenos grupos, que se levará a cabo tanto dentro como fóra da aula. <p>O alumnado con recoñecemento oficial de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, deberá acudir a titorías para fixar as sesións interactivas e expositivas nas que poderá estar presente co fin de determinar os traballos sustitutorios, se fose o caso. Nesta titoría será informado do procedemento de avaliación que será o que resulte máis acaído en función da súa presenza/ausencia nas sesións interactivas.</p>
--------------------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A18 A23	<p>Na presentación participarán todos os membros do grupo.</p> <p>Valoraranse os aspectos a seguir:</p> <ul style="list-style-type: none"> ? Calidade da participación na preparación desta actividade. ? Relevancia e organización dos contidos expostos. ? Coordinación da exposición (que reflecta un traballo colaborativo, non unha suma de partes). ? Nivel de comprensión dos contidos básicos. ? Capacidade analítica e de síntese. ? Claridade expositiva. ? Creatividade e innovación nas propostas. <p>-----</p>	10
Proba mixta	A6 A7 A8 A9 A11	<p>-----</p> <p>Na proba mixta especificarase o peso de cada pregunta.</p> <p>Nas preguntas de resposta breve teranse en conta a pertinencia e precisión da resposta, a claridade conceptual e a corrección gramatical.</p> <p>Nas preguntas de desenvolvemento teranse en conta a pertinencia e organización do contido, o dominio conceptual, a conexión entre ideas, a claridade expositiva, e a corrección gramatical.</p> <p>-----</p>	50



Portafolios do alumno	B22 B23 B24 B25 C3	<p>PAUTAS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PORTAFOLIOS :CADA UN DOS GRUPOS FORMADOS PARA TRABALLAR NAS SESIÓNS INTERACTIVAS ELABORARÁ UN PORTAFOLIOS QUE CONSTARÁ DOS SEGUINTES ELEMENTOS:</p> <ol style="list-style-type: none">1. ANÁLISE DE EXPERIENCIAS, CASOS E TEXTOS TRABALLADOS NA AULA.2. SECUENCIA DIÁCTICA PARA TRABALLAR A DIVERSIDADE FUNCIONAL OU CULTURAL NUN AULA DE PRIMARIA PARTINDO DUN CONTO OU DUNHA PELÍCULA SOBRE DIVERSIDADE FUNCIONAL OU CULTURAL.	40
-----------------------	--------------------	--	----

Observacións avaliación

A proba mixta puntuarase de 0 a 5 e o portafolio e a presentación do mesmo, igualmente de 0 a 5. Para aprobar a materia será necesario acadar, como mínimo, unha puntuación de 2,5, en cada unha das actividades avaliadas:portafolio e exame final.

No caso do alumnado que suspenda unha das partes, non se fai media. A cualificación será a da parte suspensa, que na acta definitiva aparecerá en base 10.

As porcentaxes especificadas aplícanse ao alumnado asistente, que é aquel que asiste a clase nun 80% do horario. O alumnado non asistente realizará unicamente a proba mixta, que será específica para este alumnado, aínda que se realice na mesma sesión que o alumnado asistente. Na titoría a profesora indicará a bibliografía de referencia que debe usar este alumnado para a preparación do exame final.

As condicións de avaliación son idénticas na primeira e segunda oportunidade.

O alumnado con recoñecemento oficial de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, deberá acudir a titorías para fixar as sesións interactivas e expositivas nas que poderá estar presente co fin de determinar os traballos sustitutorios, se fose o caso. Nesta titoría será informado do procedemento de avaliación que será o que resulte máis acaído en función da súa presenza/ausencia nas sesións interactivas.

Fontes de información



Bibliografía básica

As lecturas obrigatorias procederán dunha selección determinada das fontes a seguir:-----1. Diversidade cultural, convivencia e xustiza social nun mundo globalizado Amnistía Internacional (Ed.) (2006). *Vivir en las sombras*. Madrid, Amnistía Internacional. Bindé, J. (Dir.) (2005). *¿Adónde van los valores? Coloquios del siglo XXI*. Barcelona, Icaria / UNESCO. Fernández Enguita (2016). *La educación en la encrucijada*. Madrid. Fundación Santillana. Galeano, E. (2008). *Carta ao Señor Futuro*. A Coruña, Laiovento. Giroux, H.A. (2001). El capitalismo global y la política de la esperanza educada. *Revista de Educación*. Número extraordinario, pp. 251-263. Montón, M.J. (2003). La atención del alumnado inmigrante en el centro escolar. Graó. Santos Solla, X. M. (2004, (Abril-Xuño). A poboación galega, algo máis ca unha crise demográfica. *Grial*, Nº 162, pp. 13-17. Terrén, E. (2004). Incorporación a asimilación: la escuela como espacio de inclusión social. Madrid, Los Libros de la Catarata. Torres Santomé, J. (2011). *La justicia curricular. El caballo de Troya de la cultura escolar*. Barcelona, Morata. 2. Educación Anti-Racista, Educación Intercultural e Multicultural, e a diversidade lingüística nas aulas AA.VV. (2000). *Igualdad con diversidad: la apuesta de los Movimientos de Renovación Pedagógica* (manuscrito inédito). Confederación de Movimientos de Renovación Pedagógica. Recuperado o 20 de Setembro de 2002 de: http://cmrp.pangea.org/ig_div.htm. AA.VV. (2005): Plan de Acolida: orientacións para a súa elaboración. Materiais de apoio ao profesorado para a atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro. Santiago de Compostela, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa / Consellería de Emigración / Xunta de Galicia. Recuperado o 14 de xullo de 2011 do URL: <http://www.edu.xunta.es/portal/mostrarfle?tipoRecursoCampolD=72e4e373-c0a8fd03-006e7a5b-a9a0b568&recursosolD=7e4151de-4532174a-0174813f-36330e8c&lleng=gl> Baker, C. (1997). *Fundamentos de educación bilingüe y bilingüismo*. Madrid, Cátedra. Carrasco Pons, S. (2005, Decembro). Interculturalidad e inclusión: principios para evaluar la acogida del alumnado de origen extranjero. *Aula de Innovación Educativa* p { margin-bottom: 0.08in; } Cummins, J. (2002). *Lenguaje, poder y pedagogía*. Madrid, Morata / Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (263-277). Dadzie, S. (2004). *Herramientas contra el racismo en las aulas*. Madrid, Morata / MEC. Brown, B. (2009). *Desaprender la discriminación en educación infantil*. Madrid, Morata. Essomba, M.A. (2006). *Liderar escuelas interculturales e inclusivas: equipos directivos y profesorado ante la diversidad cultural y la inmigración*. Barcelona, Graó. Fundación Secretariado Gitano (2007). *Retos en los contextos multiculturales. Competencias interculturales y resolución de conflictos*. Recuperado de *Aula Intercultural*, o 14 de xullo de 2011 do URL: http://www.aulaintercultural.org/article.php3?id_article=2541 Jociles, M.I., Franzé, A. e Poveda, D. (Coords.) (2011). *Etnografías de la infancia y de la adolescencia*. Madrid, Los Libros de la Catarata. Martín Rojo, Luisa (Dir.) (2003). *¿Asimilar o integrar? Dilemas ante el multilingüismo en las aulas*. Madrid, Centro de Investigación Documentación Educativa (CIDE), Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. McCarthy, C. (1994). *Racismo y curriculum*. Madrid, Morata. Priegue Caamaño, D. (2008). A escola en Galicia e os desafíos do alumnado inmigrante: avaliación dun programa para familias inmigrantes. *Revista Galega de Educación*, Nº 41, pp. 157-163. Poveda, David (Coord.) (2003). *Entre la diferencia y el conflicto: miradas etnográficas a la diversidad cultural en la educación*. Cuenca, Universidad de Castilla-La Mancha. Teasley, C. (2005, Novembro). Respuestas socioeducativas ante la creciente diversidad cultural en Galicia. *Aula de Innovación Educativa*, No. 146, pp. 29-32. Teasley, C. (2008, Outubro). Perspectivas postcoloniales sobre la acogida del alumnado inmigrante en Galiza (España). *Archivos Analíticos de Políticas Educativas / Education Policy Analysis Archives*, Vol. 16, Nº 19, recuperado o 14 de xullo de 2011 do URL: <http://epaa.asu.edu/ojs/article/view/44?lang=es> Torres Santomé, J. (1998). *Educación antirracista: diversidad y justicia social en las aulas*. En E. Santamaría e F. González Placer (Coords.), *Contra el fundamentalismo escolar: reflexiones sobre educación, escolarización y diversidad escolar*. Barcelona, Virus, pp. 107-124. Villalba, F. e Villatoro, J. (Coords.) (2011). *Educación Intercultural y currículo* (Vols. I-IV). Madrid, Prácticas en Educación. 3. Dereitos humanos, democracia, cidadanía, convivencia, aprendizaxe cooperativa, xustiza socio-cultural, empoderamento, anti-discriminación, educar en valores, coeducación, igualdade (perspectivas pedagóxicas) Amnistía Internacional (2007). *Informe 2007: el estado de los derechos humanos en el mundo*. Madrid, Editorial Amnistía Internacional. Recuperado o 20 de Setembro de 2007 en formato dixital (pdf) da páxina web de Amnistía Internacional: <http://thereport.amnesty.org/document/172.p> { margin-bottom: 0.08in; } Asociación de Enseñantes con Gitanos (2003). *Materiales curriculares y diversidad cultural: crítica, análisis y propuestas*. Boletín del Centro de Documentación de la Asociación de Enseñantes con Gitanos, Nº 23 (monográfico). Jares, X.R. (2006). *Pedagogía de*



la convivencia. Barcelona, Graó. Johnson, D.W., Johnson, R.T. e Holubec, E.J. (1994). El aprendizaje cooperativo en el aula. Barcelona, Paidós Educador. Sánchez Sáinz, M. (Coord.) (2010). Cómo educar en la diversidad afectiva, sexual, y personal en Educación Infantil (orientaciones prácticas). Madrid, Los Libros de la Catarata. Sánchez Bello, A. (2000). Coeducación: guía para el profesorado. A Coruña, Fundación Mujeres. Sánchez Bello, A. (2007). La escuela en la cultura global: ¿qué concepto de ciudadanía enseñar? *Innovación Educativa*, Nº 17, pp. 27-35. Tusón, J. (1995). Mal de lenguas: alrededor dos prexuícios lingüísticos. Santiago de Compostela, Edicións Positivas. Tusón, J. (2010). Los prejuicios lingüísticos. Barcelona, Octaedro. Zeichner, K.M. (2010). La formación del profesorado y la lucha por la justicia social. Madrid, Morata.4. Diversidade funcional, discapacidade, proxectos de innovación educativa e Educación Inclusiva Ainscow, M. (2001). Desarrollo de escuelas inclusivas. Ideas, propuestas y experiencias para mejorar las instituciones escolares. Madrid, Narcea. Barton, L. (Comp.) (2008). Superar las barreras de la discapacidad. Madrid, Morata. Booth, T., Ainscow, M. e Kingston, D. (2007). Index para la Inclusión: desarrollo del juego, el aprendizaje y la participación en Educación Infantil. (Tradución do Index for Inclusion: developing learning and participation in schools. Recuperado o 14 de xullo de 2011 do URL: <http://www.csie.org.uk/publications/inclusion-index-explained.shtml> Castro, M.M., Ferrer, G., Majado, M.F., Rodríguez, J., Vera, J., Zagra, M. e Zapico, H. (2007). La comunidad en la escuela. La escuela en la comunidad. Barcelona, Graó. Echeita, G. (2006). Educación para la inclusión o educación sin exclusiones. Madrid, Narcea. Echeita, G. (2011). Orientación Educativa 2.: Atención a la diversidad y educación inclusiva. Graó. Echeita, G; Simón, C.; Sandoval, M. (2016). Sentido y sensibilidad en educación. Cuadernos de Pedagogía, nº 446-Fortez, D (2011) Algunas claves para repensar la formación del profesorado desde la perspectiva de la inclusión. Revista Interuniversitaria de formación del profesorado. nº70, pp.127-144. García Pastor, (2003). Una escuela común para niños diferentes. E.U.B. Gartner, A., Greer, C. e Riessman, F. (Coords.) (1999). Nuevo ataque contra la igualdad de oportunidades: cociente intelectual y estratificación social. Madrid, Morata. Giné, (2015). Claves de futuro en la atención y apoyo a las personas con discapacidad intelectual y del desarrollo ¿qué nos dice la ciencia? Revista Española de Discapacidad. Vol. 46, nº1. Giné, C. (2009). La educación inclusiva. De la exclusión a la plena participación del alumnado. ICE. Horsori Harwood, V. (2009). El diagnóstico de los niños y adolescentes problemáticos: una crítica a los discursos sobre los trastornos de la conducta. Madrid, Morata. López Melero, M. (2004). Construyendo una escuela sin exclusiones. Aljibe. Martínez Ríos, B. (2011). Definición y contexto actual de la discapacidad, Pobreza. Recuperado o 15 de xullo de 2011 do URL: http://www.cermiaragon.org/es/includes/get_file.php?file_1=a_document_528.pdf&file_2=01-POBREZA,%20DISCAPACIDAD%20Y%20DERECHOS.pdf McDermott, R. (2006). La adquisición de un niño por una discapacidad de aprendizaje. En S. Chaiklin e J. Lave (Coords.), Estudiar las prácticas: perspectivas sobre actividad contexto. Buenos Aires, Amorrortu Editores. p { margin-bottom: 0.08in; } Moya Maya, A. (2002). El profesorado de apoyo: ¿dónde?, ¿cuándo?, ¿cómo?... realiza su trabajo. Archidona, Ediciones Aljibe (pp. 81-113)., vol. 34, nº 1. Muntaner, J.J.; Roselló, R.; de la Iglesia, B. (2016). buenas prácticas de educación inclusiva. Rev. Educación Siglo XXI Núñez Mayán, M.T. (2008). Da segregación á inclusión educativa. A Coruña, Laiovento. Parrilla Latas, A. (1996). La diversidad en el aula: una experiencia de apoyo colaborativo interprofesional. La Escuela en Acción, pp. 27-34. Parrilla Latas, A. (2003). La respuesta educativa a la diversidad. Bases pedagógicas de la Educación Especial: manual para la formación inicial del profesorado. Madrid, Biblioteca Nueva. Parrilla Latas, A. (2004). La construcción del aula como comunidad de todos: organización y gestión educativa. Revista del Forum Europeo de Administradores de la Educación, Nº 2, pp. 19-23. Parrilla Latas, A. (2005). La Educación Inclusiva: un desafío a todos los sistemas y comunidades educativas. Escuela Española, Nº 13, pp. 7-9. Pujolás Maset, P. (2001). Atención a la diversidad y aprendizaje cooperativo en la educación obligatoria. Archidona (Málaga), Ediciones Aljibe. Roselló, R. (2010). El reto de planificar para la diversidad en la escuela inclusiva. Revista Iberoamericana de Educación, vol.51, nº 4. Rodríguez Rodríguez, J. (Coord.) (2006). A elaboración e adaptación dos materiais curriculares. Santiago de Compostela, NEG e Concello, Departamento de Educación e Mocidade. Rodríguez Rodríguez, J. (Coord.) (2006). Materiais curriculares e diversidade sociocultural en Galicia. Santiago, Concello de Santiago. Rodríguez Rodríguez, J. e outros (Coords.) (2006). A Escola, ¿punto de encontro entre o profesorado e educadores/as sociais? Santiago, NEG e CESG. Rodríguez Rodríguez, J. e outros (Coords.) (2008). Educación Social e escola. Santiago, NEG e CESG. Torres Santomé, J. (1998). Globalización e interdisciplinariedad: el curriculum integrado (3ª ed.). Madrid, Morata. Woods, J.W. (1993). Mainstreaming: a practical approach for teachers (2ª ed.). New York, Macmillan. Revistas Revista de



Educación, Nº 349 Revista Galega de Educación, Nº 43 Revista Prácticas en Educación Intercultural:
http://www.congresointerculturalidad.net/index.php?option=com_wrapper&view=wrapper&Itemid=44 Cuadernos de Pedagogía, Nº 414 julio 2011: http://www.cuadernosdepedagogia.com/ver_seccion.asp?idSeje=4419 Aula de Innovación Educativa: <http://aula.grao.com/revistas/ficha.asp?ID=3&NUMERO=196> Webs Inclusión Educativa: <http://www.inclusioneducativa.org> / <http://inclusion-educativa.blogspot.com/Aula> Intercultural: <http://www.aulaintercultural.org>: <http://www.edu.xunta.es/convivencia/Asociación de Enseñantes con Gitanos>: <http://www.pangea.org/aecgitEscuela Sin Racismo>: <http://www.escuelasinracismo.org/EduAlter>: <http://www.edualter.org/index.htm> Educación Sin Fronteras: <http://www.educacionsinfronteras.org/es/4025> Educación en Valores: Mi Escuela y el Mundo: <http://www.educacionenvalores.org> Plan Galego de Convivencia Escolar Novo Portal de Convivencia do Ministerio de Educación e Ciencia (MEC): <http://www.convivencia.mec.es> Portal de Atención a la Diversidad: Educación Especial (Ministerio de Educación): http://w3.cnice.mec.es/recursos2/atencion_diversidad/06_00.htm Portal de Atención a la Diversidad: Interculturalidad (Ministerio de Educación): http://w3.cnice.mec.es/recursos2/atencion_diversidad/03_00.htm Convivencia y conflicto (Concejo Educativo de Castilla y León): http://www.concejoeducativo.org/rubrique.php?id_rubrique=2 Lexislación específica Ley integral para la igualdad de trato y la no discriminación (2011). Ley 27/2007, de 23 de octubre, por la que se reconocen las lenguas de signos españolas y se regulan los medios de apoyo a la comunicación oral de las personas sordas, con discapacidad auditiva y sordociegas: <http://www.boe.es/boe/dias/2007/10/24/pdfs/A43251-43259.pdf> Convención de los derechos de las personas con discapacidad (2007): <http://www.un.org/esa/socdev/enable/documents/tccconvs.pdf> Orde do 20 de Febreiro de 2004 (DOG, 26 de Feb.): Establece as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro: [http://www.xunta.es/dog/Dog2004.nsf/5168f626b2ff46e041256644003720d2/34476f6ea242df90c1256e450054af09/\\$FILE/04000D003P008.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2004.nsf/5168f626b2ff46e041256644003720d2/34476f6ea242df90c1256e450054af09/$FILE/04000D003P008.PDF) Ley 51/2003 del 2 de diciembre, de igualdad de oportunidades, no discriminación y accesibilidad universal de las personas con discapacidad: <http://www.boe.es/boe/dias/2003/12/03/pdfs/A43187-43195.pdf> Orde do 27 de Decembro de 2002 (DOG, 30 de Xan de 2003): Regula as adaptacións curriculares para o alumnado con ?Necesidades Educativas Especiais? (NEE): <http://www.xunta.es/Dog/Dog2003.nsf/FichaContenido/3CD6?OpenDocument> Plano galego de inclusión social 2001-2006. Orde do 24 de Xullo de 1998: Desenvolve todo o relativo á Atención á Diversidade do alumnado no seu conxunto (DOG, venres, 31 de Xullo de 1998): <http://www.xunta.es/Dog/Dog1998.nsf/FichaContenido/107CA?OpenDocument> Decreto 320/1996: Ordena a educación do alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE) e regula a atención educativa para este alumnado: <http://www.xunta.es/Dog/Dog1996.nsf/FichaContenido/8E56?OpenDocument> Real Decreto 334/1985, de 6 de marzo, de ordenación de la Educación Especial: http://noticias.juridicas.com/bas_datos/Admin/rd334-1985.html @font-face { font-family: "Verdana"; } @font-face { font-family: "Arial Unicode MS"; } p.MsoNormal, li.MsoNormal, div.MsoNormal { margin: 0cm 0cm 0.0001pt; font-size: 12pt; font-family: "Times New Roman"; } a:link, span.MsoHyperlink { color: blue; text-decoration: underline; } a:visited, span.MsoHyperlinkFollowed { color: purple; text-decoration: underline; } div.Section1 { page: Section1; Orde do 28 de Xaneiro de 1985 (Diario Oficial de Galicia, do 15 de Febreiro), pola que se crean os centros de recursos na Comunidade Autónoma de Galicia dentro do Programa de Educación Compensatoria. (Dito programa foi dirixido sobre todo á poboación xitana e canalizouse mediante un par de desenvolvementos xurídicos até o ano 1991. Posteriormente abandoouse. No terreo estatal, o Real Decreto 299/1996, de 28 de febrero, de ordenación de las acciones dirigidas a la compensación de desigualdades en educación [Boletín Oficial del Estado de 12 de marzo): <http://www.boe.es/boe/dias/1996/03/12/pdfs/A09902-09909.pdf>



Bibliografía complementaria	<p>BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA 1. Diversidade cultural, convivencia e xustiza social nun mundo globalizado Balibar, E. e Wallerstein, I. (1988). Raza, nación y clase. Madrid, IEPALA. Bauman, Z. (2005). Identidad. Madrid, Losada. Benhabib, S. (2005). Los derechos de los otros: extranjeros, residentes y ciudadanos. Barcelona, Editorial Gedisa. Cid Fernández, X.M., Domínguez Alberte, X.C. e Soutelo Vázquez, R. (Coords.) (2008). Migracións na Galicia contemporánea: desafíos para a sociedade actual. Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións. Córdoba, D., Sáez, J. e Vidarte, P. (Coords.) (2007). Teoría Queer: políticas bolleras, maricas, trans, mestizas (2ª ed.). Madrid, Editorial Egales. Fernández Buey, F. (2004). Guía para una globalización alternativa: otro mundo es posible. Barcelona, Ediciones B. Fraser, N. (2008). Escalas de justicia. Barcelona, Herder. Gutmann, A. (2008). La identidad en democracia. Buenos Aires, Katz. Habermas, J. (1999). La inclusión del otro: estudios de teoría política. Barcelona, Paidós. Martín Muñoz, C. (Coord.) (2001). Aprender a conocerse: percepciones sociales y culturales entre España y Marruecos. Madrid, Fundación Repsol-YPF. Martín Muñoz, G. (2003). Marroquíes en España: estudio sobre su integración. Madrid, Fundación Repsol YPF. Nussbaum, M.C. (2007). Las fronteras de la justicia: consideraciones sobre la exclusión. Barcelona, Paidós. PNUD (2004). Informe sobre el desarrollo humano 2004: la libertad cultural en el mundo diverso de hoy. Madrid, Mundi-Prensa. Said, E. (2001). Cultura e imperialismo. Barcelona, Anagrama. Santos, B. d. S. (2005). El milenio huérfano: ensayos para un nueva cultura política. Madrid / Bogotá, Trotta / ILSA. Sharp, J. P. (2009). Geographies of postcolonialism. Los Angeles, Sage. Taibo, C. (2008). 150 preguntas sobre el nuevo desorden. Madrid, Los Libros de la Catarata. Tamayo, J.J. (2008). Islam: cultura, religión y política. Madrid, Trotta. Villota, P. de (Ed.) (2001). Globalización a qué precio: el impacto en las mujeres del Norte y del Sur. Barcelona, Icaria. 2. Educación Anti-Racista, Educación Multicultural e Intercultural, e a diversidade lingüística nas aulas AA.VV. (1993). Transversais. Revista Galega de Educación, Nº 18. AA.VV. (1995). Hacer futuro en las aulas: educación, solidaridad y desarrollo. Barcelona, Intermón. AA.VV. (2000). Igualdad con diversidad: la apuesta de los Movimientos de Renovación Pedagógica (manuscrito inédito). Confederación de Movimientos de Renovación Pedagógica. Recuperado o 20 de Setembro de 2002 de: http://cmrp.pangea.org/ig_div.htm. Actis, W. (2006). La escuela ante la diversidad sociocultural: discursos de los principales agentes sociales referidos a las minoría étnicas de origen extranjero. En Santos Rego, M.A. (Coord.), Estudios sobre flujos migratorios en perspectiva educativa y cultural. Granda, Grupo Editorial Universitario, pp. 101-119. Banks, J.A. (2006). Race, culture and education: the selected works of James Banks. London, Routledge. Bartolomé, L.I. (2007). Pedagogía da subordinación. Mangualde, Edições Pedagogo. Besalú, X. (1998). Currículum nacional y currículum intercultural en Cataluña y España. En X. Besalú, G. Campa ni e J.M. Palaudàrias (Coords.). La educación intercultural en Europa: un enfoque curricular. Barcelona, Pomares-Corredor, pp. 153-170. Calvo Buezas, T. (2003). La escuela ante la inmigración y el racismo: orientaciones de educación intercultural. Madrid, Popular. Calvo Cuesta, R. e outros (1996). Materiales para una educación antirracista. Madrid, Talasa. Carrasco Pons, S. (2004). Inmigración y educación: oportunidades y dificultades para un modelo plural e inclusivo. En S. Carrasco Pons (Coord.), Inmigración, contexto familiar y educación. Proyectos y experiencias de la población marroquí, ecuatoriana, china y gambiana. Bellaterra, Instituto de Ciencias de la Educación (ICE) / Universidad Autónoma de Barcelona, pp. 15-36. Dixon, C. N. e Nessel, D. (1983). Language experience approach to reading (and writing). LEA for ESL. Hayward, CA: The Alemany Press. Essomba, M.A. (2006). Liderar escuelas interculturales e inclusivas: equipos directivos y profesorado ante la diversidad cultural y la inmigración. Barcelona, Graó. Torres Santomé, J. (2008). Multiculturalismo anti-racista. Porto, Profedições. 3. Dereitos humanos, democracia, cidadanía, convivencia, xustiza socio-cultural, empoderamento, anti-discriminación, educar en valores, coeducación, igualdade (perspectivas pedagógicas) Amnistía Internacional (2003). Educación en derechos humanos: asignatura suspensa. Madrid, Amnistía Internacional. E-book consultado o 15 de Xaneiro de 2008 na web http://www.es.amnesty.org/uploads/tx_useraitypdb/edesp.pdf. Gimeno Sacristán, J. (2001). Educar y convivir en la cultura global. Madrid, Morata. 4. Material audiovisual- Hiyab (curtametraxe, 2006, España).- Debate no Parlamento de Galicia sobre o caso da nena do hixab no CEIP Novo de Arteixo (2010).- Hanan: de Marrocos a Galicia (documental, 2005, Galicia/Marrocos).</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías